


2009-2010

O BESBELLO SALTÓN



Índice

PORTADA (1º PREMIO), AUTORA: YAIZA RODRÍGUEZ CABALEIRO 1º BACH C

EDITORIAL	PÁX 1
OUTRAS PORTADAS	PÁX 2
SABÍAS QUE...	PÁX 3
QUÉROTE, MEU AMOR	PÁX 5
OUTRA POESÍA É POSIBLE	PÁX 6
LO QUE NOS ES QUERIDO...	PÁX 7
ESTAMOS EN PLENA FORMA	PÁX 10
TAMÉN HOUBO OUTRAS COUSAS	PÁX 13
MÁIS ALÁ DOS PUPITRES	PÁX 14
AS BATAS	PÁX 15
BATA POR FÓRA...	PÁX 16
O COMIC DAS BATAS	PÁX 17
GAÑAMOS BASTANTES COUSAS	PÁX 20
UTOPIÁ DE PESADELO (PREMIO NARRATIVA)	PÁX 21
FOMOS DE VIAXE A	PÁX 25
SEMPRE MARCHA ALGUÉN	PÁX 27
CONTRAPORTADA, AUTORA: NOEMI DA FORTUNA VÁZQUEZ 4º ESO B	

EDITORIAL

Comeza unha nova década e unha nova andaina da nosa revista. Xa son moitos anos (uns trinta) e aquí seguimos. E o feito de seguir non é pouco. Poucos si son os colaboradores pero xa parece que predicamos no deserto e non nos imos queixar nas primeiras liñas.

Sempre hai que ser agradecidos, e a xente que colabora faino con todo o corazón e con todo o ánimo posible, e iso conta moito nos tempos que corren.

Na revista atoparedes unha mostra de todo ou case todo o que aconteceu este curso, dos lugares que visitamos, da xente que nos visitou, das actividades que se fixeron dentro do instituto e ás que asistimos fóra do centro, en fin, unha especie de escaparate que de cando en vez gusta lembrar. E este curso será lembrado como “o das batas”, porque esa actividade foi a máis comentada, visitada, alabada, e , o máis importante, foi a actividade na que se involucrou un maior número de xente, tanto profesorado como alumnado. Ás veces hai alegrías como esa.


A tod@s vós moitas grazas




HABÍA OTRAS (POUCAS) PORTADAS



KEVIN CASTIÑEIRAS 2º ESO A



YAGO RODRÍGUEZ BARRIL 4º ESO A



NOEMI DA FORTUNA 4º ESO B

SABÍAS QUE.....

- TEMOS UNA PÁXINA WEB NOVA
- HAI MOITOS BLOGS QUE PODES, E DEBES, VISITAR, POR EXEMPLO O DA BIBLIOTECA E O DE TECNOLOXÍA
- ENTRE BICAS E DEMAIS MOVÉRONSE NO INSTI CASE 12.000€
- AS CAPITALS EUROPEAS VISITADAS NOS ÚLTIMOS ANOS FORON: LISBOA, LONDRES, ROMA, PARÍS E ATENAS
- O EQUIPO DE BRILÉ DE PROFES NON PERDEU TODOS OS SEUS PARTIDOS
- NO INSTI FIXEMOS UNAS 90 ACTIVIDADES ORGANIZADAS POR VICEDIRECCIÓN E OS DEPARTAMENTOS
- O SITIO MÁIS LONXE AO QUE FOMOS ESTE ANO FOI LONDRES E O MÁIS PERTO O PARQUE DA BOUZA

IES Alexandre Bóveda

Inicio sesión: Acceso

O Centro

- Localización
- Oferta educativa
- Dependencias
- Organigrama
- Secretaría
- Documentos e plans

departamentos

Biblioteca

- Normas, recomendacións, guías...
- Actividades

Consulta o noso blog Biblioteca IES Alexandre Bóveda

Club de Lectura.

Benvidos

Últimas noticias

- A partir do día 19 de abril a biblioteca porá en marcha actividades do mes dos libros.
- Xa podedes ver fotos da viaxe a Londres na [galería](#).
- Fotos, noticias e traballos sobre "Bata por fóra, muller por dentro": na [galería](#), no [blog da biblio](#) e no [blog das TIC do IES](#).

Lé aquí a carta enviada por Xosé Neira Vilas a alumnado do noso insti como agradecemento polo libro album enviado polos mesmos con motivo da morte da súa dona, Anisia Miranda.

Esta é a nova páxina do IES Alexandre Bóveda. Estamos a traballar nela.
[Enlace á web antiga]
» Leer máis

Eventos

Maio 2010

Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sáb	Dom
						1 2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

Orientación

Actividades

- Avisos
- Viaxes
- Memorias

O besbello saltón

- Último número
- Números anteriores
- Portadas
- Contraportadas
- Colaboradores ata 2002

Rincón das TIC

- Novas
- Aplicacións online
- Software recomendado

- WEB DO INSTI <http://centros.edu.xunta.es/iesalexandreboveda>



BLOG DA BIBLIOTECA <http://biblioboveda.blogspot.com>



BLOG DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA
<http://tecnoboveda.blogspot.com>

"Quérote, meu amor"

Tento esquecer os teus ollos,
ollos que te identifican,
de cor verde grisácea,
que parados xamais fican.

Tento esquecer o teu cabelo,
cousa inesquecible,
non por ser cabelo louro,
senón por ser de alguén increíble.

Non son quen de esquecerte,
es a persoa que me mantén viva,
coa túa forma de ser,
ensináchesme a ir altiva.

Porque tiveches que marchar,
porque non habería aquí traballo,
agora estás moi lonxe,
xa non estás ó meu lado.


Dáme mágoa que marcharas,
sen previo aviso sequera,
gustaríame despedirme,
mais non creo que puidera.

Agora estraño a túa presenza,
e só me quita o frío e me dá calor,
a carta coa que te despediches que dicía:
"Quérote, meu amor"

Belén García Rodríguez

3º ESO C

OUTRA POESÍA É POSSIBLE



4º ESO A C D

Lo que nos es querido siempre queda atrás...

Chillo, lloro, pataleo, suplico...pero me ignoran como se ignora a un lunático o a un enfermo. Sólo quiero que me dejen en paz, que dejen de decir que es por mi bien. Yo no les conozco, no se quienes son. ¿Cómo un desconocido puede saber lo que es mejor para mí? La voz de una mujer se hace oír por encima de las demás. Grita que me dejen en paz, que me están asustando. Claro que estoy asustada, esos hombres se han metido en mi casa y quieren llevarme lejos de allí. Esa mujer me defiende pero no sé con qué motivo, tampoco a ella la conozco. Me sacudo, zafándome de la mano que uno de esos hombres tiene sobre mi brazo. Corro por el pasillo en busca de la salida. Me paro justo antes de chocar con otra mujer, una anciana. Tiene la cara y las manos llenas de arrugas. Viste una bata de rayas azules idéntica a la mía. Tiene el terror plasmado en la cara. Trato de decirle algo pero en el mismo momento en que abro la boca ella la abre también. Ambas nos miramos sorprendidas. Lentamente levanto mi mano, ella me imita. Las yemas de nuestros dedos se acercan y cuando se tocan noto el tacto frío del espejo. Esa mujer no existe, es un reflejo, mi reflejo. Con un grito ahogado me cubro la cara con las manos. No comprendo, soy incapaz de comprender que yo sea esa mujer, que no sea capaz de reconocerme a mi misma. Me echo a llorar, estoy asustada y no soy capaz de hacer nada. Lo único que quiero es saber quien soy, no sentirme tan sola. Me dejo caer en el suelo, junto al espejo y me abrazo las piernas. La mujer de antes se acerca y se pone de cuclillas ante mí.

- Mamá-susurra- ven conmigo mamá...por favor.
- Yo no soy tu madre- le contesto en voz baja- vete, déjame en paz.
- Mamá, soy María, tu hija y sólo quiero ayudarte.

La miro sin creer nada de lo que dice, si quisiera ayudarme me dejaría tranquila.

- Si fueras mi hija- le digo con todo el desprecio que puedo reunir- te reconocería.

Le ha dolido, lo sé. Sus ojos se llenan de lágrimas como prueba. Las palabras son armas poderosas que pueden hacer mucho más daño que las mismas armas. Con las palabras se crean heridas más dolorosas y hondas, heridas que difícilmente curan. Cuando esos hombres vuelven me levanto, estoy cansada, cansada de luchar. Dejo que me guíen hasta la puerta de la casa. Allí me espera otro hombre con una maleta en la mano. Me mira con cariño, yo con desconfianza. Hay un coche aparcado delante de la puerta. Me siento en la parte trasera y espero. Una cancioncilla viene a mi mente. Recuerdo a una mujer peinando a su hija. Sin darme cuenta me pongo a cantar.

“Al partir, un beso y una flor,

un te quiero, una caricia y un adiós.

Es ligero equipaje para tan largo viaje...”

Por alguna razón sé que es una canción de un hombre llamado Nino Bravo...creo.

- Esa canción- exclama la mujer que dice ser mi hija- esa canción me la cantaba cuando yo era pequeña, ¡recuerda! ¡está recordando!

- No- dice uno de los hombres- no recuerda, es un momento de lucidez, les suele pasar pero son momentos efímeros, no es signo de recuperación Esta enfermedad aún no tiene cura, lo siento

La mujer corre hacia el coche y me mira.


- Sé que no me reconoces, mamá pero te quiero y sé que tú también me quieres, aunque no lo recuerdas.

Esta mujer se llama Antonia y tiene 78 años. Diez años atrás le diagnosticaron Alzheimer. Al principio sólo eran pequeños olvidos como no recordar lo que había comido o hecho el día anterior. Con el paso del tiempo no era capaz de recordar el nombre de amigos y familiares

pero siempre pensó que se trataba de algo de la edad. Un día, al levantarse se dio cuenta de que no sabía como peinarse. Los nervios la dominaron y salió la calle. Caminó sin rumbo durante horas sin recordar como volver a casa, sin saber quien era, la policía la encontró vagando por la calle a apenas unas manzanas de su casa.

Su hija María y su yerno se hicieron cargo de ella como pudieron pero llegó un momento en que la enfermedad se agravó tanto que tuvieron que pedir ayuda médica. Antonia tenía dificultades para leer, escribir e, incluso, hablar. El miedo la volvió agresiva y cada vez que tenía oportunidad salía de su casa pero siempre se olvidaba de como volver.

Déborah Collazo Estévez 1º Bach B



ESTAMOS EN PLENA FORMA

BALONMÁN



1º ESO C



2º ESO C



2º ESO E



3º ESO A



4º ESO A



1º BACH A & CO

FÚTBOL



1º ESO E



2º ESO A




3º ESO B



1º BACH A

BRILÉ





E MÁIS BRILÉ

REMO E VELA



TAMÉN HOUBO OUTRAS COUSAS



MÁIS ALÁ DOS PUPITRES



8 DE MARZO NO INSTI: DÍA DAS BATAS



MÁIS INFORMACIÓN E FOTOS EN <http://bataporfora.wikispaces.com>

Bata por fóra, muller por dentro.

Informe dunha aventura.

Non podía imaxinar o alcance que tería a simboloxía da bata cando Chis comezou co proxecto. A partir do gran traballo audiovisual de Carla Brenlla abriuse un mundo paralelo ao cotián. A bata converteuse no estandarte da nosa loita pola igualdade, a bata foi a luz que nos guiou durante a gran aventura de descubrir o manto que cubre as aparencias.

A bata estivo presente en todo momento, aprendemos a querela, a valorala, a ver nela a suor, as lembranzas, as vivencias, os golpes, as caídas, a loita, os momentos felices que impregnan a vida das invisibles de todos os tempos. Entendemos o enorme peso da bata e apréndemos a levalo entre todos.

Para min render homenaxe á bata foi render homenaxe por primeira vez ás mulleres que non conseguiron un sitio nos libros de texto, as mans transparentes que preparan a merenda, cosen o botón descosido, compran o regalo, axudan a preparar o disfrace de carnaval...

Onde é que as mulleres traballan durante horarios interminables, sen remuneración, adicando o seu tempo, a súa saúde, sen gozar da mínima cobertura ou prestixio social?

A resposta retumba nos nosos oídos. É no noso fogar onde as nosas avoas, nais, tías padecen esta explotación. Todos, incluído o sexo feminino, asumimos que alguén ten que facer este traballo que move o mundo. ¿Podemos entón facer algo? Sempre. Debemos valorar e dignificar o traballo das nosas mulleres, debemos comprometermos a responsabilizarnos todos do peso da bata.

*Priscila Tamara Retamozo
1ºBach. D*



Foto de Clara Fernández 1º Bach D

O COMIC DAS BATAS

YAGO RODRÍGUEZ BARRIL 4º ESO A



COMEZAMOS OS PREPARATIVOS, PERO...ESTE TIPO DE TRABALLOS NON SE EXPUÑAN NO CONTRATO, ¿OU SI?



QUERO O DEBUXO DA BATA QUEDE DE ESTA MANEIRA E TAL E TAL...

COMEZA O GRAN DÍA E CADA UN APORTA O SEU GRAO DE AREA A ESTE PROXECTO, ATA VIU PRENSA PARA DAR A COÑECER A NOSA LABOR!



QUEN ME IA DICIR A MIN QUE ISTO IA ENSERIO



E ASÍ É COMO SE BAILA A DANZA DA BATA :D



E ASÍ, CADA UN COA SÚA BATA...MELLOR DITO, CADA DOUS OU TRES, QUE HAI A ALGUÉN QUE SE LLE OLVIDOU NA CASA...



VAMOS PROXECTAR ESTA CURTA REALIZADA POR YESO D QUE REPRESENTA A VALIOSA LABOR DA MULLER TRABALLADORA

TIVEMOS A SORTE DE TER CONNOSCO A CREADORA DO VIDEO, CLAUDIA BRENLLA, QUE NOS FIXO MEDITAR SOBRE O SÍMBOLO QUE REPRESENTA A BATA E QUE NOS ABRIU AS PORTAS PARA PODER REALIZAR ESTA FERMOSSÍSIMA CONMEMORACIÓN.



COMO XA VERIADES, ESTA CURTA TRATA SOBRE A BATA E O SÍMBOLO QUE REPRESENTA PARA A MULLER; O SEU TRABALLO, POUCO, E NA MAIORIA DAS VECES NADA RECOMPENSADO COMO É DEVIDO, DESVIVÍNDOSE POLA SÚA FAMILIA, PERO SEMPRE CUNHA SONRISA NOS BEIZOS.



DESEGUIDO VEREMOS ALGÚN DOS PROFESORES E ALUMNOS VESTIDOS COAS SÚAS MELLORES GALAS...



O CERTO É QUE FOI MOI PRIMOROSO ESTE ACTO

NON ME VEÑAS CON TECNISMOS QUE EU NON SON DE LETRAS



ESTOUVOS A VIXIAR RAPACES ...



¡QUEN CHE ÍA DICIR A TI QUE CUNHA BATA PODERÍAS IR Á MODA!



¿NON ERA EU A QUE SACABA AS FOTOS?

PARA REMATAR FIXEMOS UN ACTO NO QUE, LOGO DE LER UNHAS HISTORIAS RELACIONADAS COA BATA E DE DELEITAR OS NÓSOS OÍDOS CUNHA FERMOSSÍMA CANCIÓN TOCADA POR PARTE DUNS ALUMNOS DO CENTRO CO VIOLÍN, TODOS XUNTOS FORMAMOS, XUNTO CUAS NOSAS BATAS, UNHA BATA XIGANTE NO PATIO COA MÚSICA DA CURTA DE FONDO, DANDO REMATE A ESTE DÍA TAN ESPECIAL DEDICADO Á MULLER TRABALLADORA



A ESTES NENOS HAI QUE FACERLLES TODO, XA PODÍAN AXUDAR UN POUCO



¡IDEICAOUTRA!

FIN

GAÑAMOS BASTANTES COUSAS



**ÓSCAR IGLESIAS 2º ESO B UN DOS TRES
GAÑADORES DA XIII OLIMPIADA
MATEMÁTICA**



**LUCIA VILA 1º ESO A
4º NO CONCURSO DE INGLÉS
SPELLING BEE**



ALBERTO CARAZO 1º BACH A SUBCAMPIÓN ESCOLAR DE REMO DE VIGO

PREMIO NARRATIVA LETRAS GALEGAS 09-10

UTOPIA DE PESADELO

Un taxi empapoume coa auga dun charco freando xusto ó meu carón. Pasáronseme pola cabeza tódalas palabras malsoantes que alguén pode imaxinar nun segundo, pero mantiven a compostura e calei. Entre a choiva, un home misterioso cun anorak ocre e un sombreiro negro saíu do vehículo, pagou ó condutor e subiu as enormes escaleiras do partenónico edificio que tiña enfronte, correndo para non mollarse. Resgardouse entre as columnas corintias e dende a lonxanía puiden ver que saudou agochando a cabeza á muller que o estaba esperando na porta. Foi todo moi frío. A cousa parecía moi seria.

Tódolos membros de tódolos partidos do país Libertalia estaban reunidos no interior do Congreso. Aquilo era un alboroto terrible. Había moita máis xente que asentos, ninguén estaba quedo, os papeis saían disparados e voaban, todos, alporizados, berraban discutindo sobre o mesmo sen ningún moderador. A situación era cada vez máis tensa e a violencia estaba comezando a manifestarse. Firmemente, unha figura alzouse no lugar máis visible e emitiu un asubío moi agudo. O silencio total apoderouse na sala de inmediato. Quitou o seu anorak e coma nun discurso revolucionario dixo solidamente:

-Escoitádeme ben, isto é o que imos facer.

A nova saíu no telexornal da mañá. Ocorrería uns días despois de ver aquilo tan sospeitoso no congreso. Eu estaba sacando as rebanadas de pan da torradora e cantando mentres a televisión perdíase de fondo, ata que a nova absorbeu a miña atención. Falaba dun encontro que tiveron os partidos políticos antes do seu exilio de Libertalia. Un home rodeado dunha enorme multitude daba un discurso na rúa principal. O seu rostro resultábame familiar:

“¡Irmáns! Isto comezou coma un simple abandono ó voto para algúns. Outros rexeitabades a política. Pero agora estamos a piques de comezar o mellor tempo das nosas vidas. Por fin ninguén nos vai manipular. Xa basta de mentiras! Hoxe, podemos dicir con orgullo abertamente, que vivimos no país anarquista de Libertalia.” - Sorriu un bo rato ós aplausos e berros de vitoria que lle mandaba a xente. Despois abrochou o seu anorak, axustou o sombreiro e marchou, sorrindo de orella a orella. Iso fíxome lembrar a época de cando era moza. Meus avós dicíanme cando era cativa que tiña que ir votar obrigatoriamente cando fose maior, sempre, aínda que fose tan só para votar en branco. Dicíame que iso demostraba o meu dereito coma cidadá, e o meu interese por vivir nunha democracia. Pouco a pouco, co paso do tempo, a mocidade foi medrando, ata que chegaron á

maioría de idade. Moitos dicían que votar non era para eles, dicían que aínda que votasen ía a saír outro partido que eles non quixesen ou o partido que amañaba os votos, polo que era unha perda de tempo e non querían votar, outros que detestaban a política, outros esquecíanse... Ó final o día das eleccións en Libertalia, hai menos dunha semana, absolutamente ninguén votou. Algo había que facer co país, algunha forma de organización tiña que ter. Os políticos interpretaron a situación. O país non quería política, polo que algúns se exiliaron, e unha minoría quedou en Libertalia, sen emprego, coma vagabundos na rúa. Libertalia gobernaríase a partir de agora por si mesma. Pero, ¿quén era ese home do anorak? Á xente parecía encantarlle. Aquilo parecía un mitin, pero se non hai goberno...

Encendín a computadora. Non podería buscar no Google porque non tiña ningún dato dese personaxe, polo que preguntaría a alguén coñecido. Sorprendeume ver que ó abrir a miña páxina tiña máis dunha invitación a eventos que resolvían todas as miñas respostas. A primeira dicía: ``Liberdade en Libertalia, Christiano noso profeta salvador''. Fixen click. O home da foto era o que buscaba. Enteirome de que había un grupo numeroso de persoas que o adoraban, porque el foi o político que deduciu que o pobo non quería a democracia. A gran maioría non é que non quixesen políticos, simplemente foi perdéndose o votar por xeracións, xa fose por vagancia, deixadez... etc Pero ese home, o traer a anarquía a Libertalia, supostamente, librounos de mentiras, falsedades, ataduras...etc. Era o noso salvador.

Os primeiros días a xente estaba contentísima, ninguén mandaba sobre ninguén. Pero non todo era felicidade en Libertalia. Tanto funcionarios, coma policías, coma moitos organismos do Estado quedaran na rúa, pasando fame. Moitas familias estaban na rúa. Como non había leis que o sancionaran, volvéronse ladróns para sobreviviren. Isto provocou o peche de moitas tendas, por perdas económicas por causa de roubos. A xente, ó non haber leis para defender as súas propiedades, empezou a volverse agresiva, a matar para defenderse ou facer xustiza, o que radicalizou ó aumentante número de vagabundos que acumulaban as súas chabolas na periferia de Libertalia. A situación estaba volvéndose crítica. Libertalia era un campo de batalla desolado, cheo de cristais rotos, ruínas, contedores de lixo queimados ou acesos para dar luz ou calor ós desgraciados cidadáns e tristeza, moita tristeza.

Foi o momento estrela para que Christiano falase ós cidadáns:

-¡Non vos preocupedes irmáns! Non haberá máis fame nin miseria en Libertalia. Prometo que farei que os vosos fillos podan chegar a ser maiores, coa mellor calidade de vida, cun fogar en condicións, e todo o que precisades coma cidadáns. Tan só tendes que confiar en min, dándome tódolos cartos que teñades, eu repartireinos como os cidadáns precisen, ¡coma Libertalia precise!, todo será para todos, coma ten que ser. Recordade, que eu vos trouxen esta liberdade, ¡eu conseguirei traervos a prosperidade!

Nunca un discurso resultárame tan vomitivo. Eu sabía que algo non encaixaba, polo que decidín investigar.

Apartando escombros pola rúa e xente mendigando cheguei ó lugar onde residía agora Christiano, o luxoso Congreso habilitado para a súa acomodada nova vida. Fanáticos seguidores protexíano, coma se fose o único que lles quedase, ese fráxil brote de esperanza que non se sabe se logrará medrar ou murchar no esquezo. Dixen que quería falar co profeta, e coma non conseguín convencelos, trepei por un muro ás agochadas.conseguín entrar no edificio, e adentreime entre iluminadas estancias e colosais portas, ata chegas ó meu destino, o despacho de Christiano. Alí estaba el, esta vez sen o seu sombreiro e sen o seu anorak. Sorprendeume o enorme cambio que padecía sen as súas ``galas``. A súa calva deslumbrábame do encerada que estaba e de tantas lámpadas acesas que había na estancia. Xirou a súa cadeira e miroume con confianza, como se non lle sorprendese a miña Congreso que a xente está farta da democracia. Eles o cren, a xente alégrase, adórame e vólvese tola, descarrilan coma trens. Eu vou de salvador, confían en min e cando teño os cartos, voume, deixando na miseria e sen goberno o país.

-Prometo que pagarás por todo o que fixeches, oíchesme.

-Temo moito que non... Non es o primeiro que se senta nesa cadeira. A xente coma ti, que quere acabar comigo non sae ben parada. É o que me gusta chamar ``a caza das bruxas``. Ti es a bruxa e eu son o

visita. Pregunteille polo día do congreso, polos mitins, polo seu proxecto, por todo o sucedido, algo non non me soaba ben. Apuntoume cunha carabina:

-Aquí remata o teu traxecto, moza.

-¿Pero que está facendo, Chrisitano? Déixeme en liberdade, non fai falta que me responda, pero déixeme.

-Non, coñezo a xente coma ti. Non é o primeiro país no que pasa isto, ¿sabes? Toda a xente do mundo está despreocupándose de votar, é a oitava vez que fago isto cun país, son un profesional.

-Pero, ¿entón?

-Eu son o presidente do partido comunista de Libertalia, pero tamén o fun de moitos outros no seu momento. Pero eu son diferente ós demais partidos comunistas do mundo, non pretendo o ben do país. O meu beneficio é o único importante. Eu aproveito a oportunidade de que ninguén vota para dicir no cazador. Dáme igual que non saibas facer bruxería, estás condeada. Deixarte escapar sería moi perigoso. Felices sonos humano.



Yeray M. Rodríguez. 4º ESO D

FOMOS DE VIAXE A:




LONDRES



LISBOA



ANDORRA



E SUBIMOS AO MONTE VIXIADOR

SEMPRE MARCHA ALGUÉN







I.E.S Alexandre Bóveda



O Besbello Saltón

2002 / 002